



**EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 8 de maio de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2017/1974**

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia S.A.U.** para o subministro de tres postes de formigón para a súa reposición no vial da rotonda de O Piñeiro a Renza, polo importe de 598,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/2037**

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento ,a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a reforma do pozo de bombeo de augas residuais do edificio do Concello, por un importe total de 3.236,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (proxecto 2 nº 11/08/2014)

**PRP2017/2043**

Vista a proposta do Auxiliar do Arquivo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro de 16 corpos de estanterías metálicas de 7 estantes cada unha para o Arquivo Municipal, por un importe total de 1.766,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2017/2090**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Caenor, S.L** para a fabricación e porte de 3 bancos modelo “Vista Alegre” para a súa colocación na Rúa Vista Alegre, por un importe total de 5.316,71 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.62500 (Proxecto 2 nº 01/36/2017).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **Educación**

##### **PRP2017/2056**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar a revisión técnica( afinación, regulación e entonación) de 5 pianos (1 de cola e 4 pianos verticais) da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de D **Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe total de 605,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

##### **PRP2017/2057**

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **José Luis Teófilo Comunicación, S.L.** para o subministro de estuche Constitucións Españolas (4 unidades), para a Biblioteca Municipal, por un importe total de 200,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Turismo**

##### **PRP2017/2060**

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria e o Concello de Vilagarcía para a celebración das Festas de San Roque 2017, polo que se conceden ao concello 25.000,00€ , coa seguinte desagregación:

- Aportación Axencia de Turismo de Galicia: 20.000 €
- Aportación de ABANCA: 5.000 €
- Orzamento total proposto polo Concello: 42.713 € (IVE incluído)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora. Proxecto (3) nº 01/23/2017.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

##### **PRP2017/2061**

Vista a proposta da Concelleira Delegada da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda levar a cabo no recinto de Fexdega o día 1 de xullo, a XXIV Romaría das Persoas Maiores, á que se calcula que asistan 550 persoas.

Dar conta ao Encargado das Instalacións (D. Mario Vázquez)

##### **PRP2017/2062**



Vista a proposta da Concellería Delegada da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 6,00 € para os asistentes á XXIV Romaría dos Maiores, que se vai a celebrar o día 1 de xullo de 2017.

#### **PRP2017/2063**

Vista a proposta da Concellería de Persoas Maiores, acórdase aprobar os requisitos que deben reunir os asistentes así como o orzamento para a celebración da XXIV Edición da Romaría das Persoas Maiores, a celebrar o día 1 de xullo no recinto de Fexdega, por un importe total de 10.601,17 €, con cargo á partida 2313.22634, que se desagrega do seguinte xeito:

- Victor Manuel Senín Alba: Menú para 550 persoas: 9.075,00 €
- ASDIMUL (Asociación para a difusión da Música Latina): 430,00 €
- Asociación Coral Rosalía de Castro 340,00 €
- Viajes Turísticos Silest, S.L.: 165,00 €
- Baños Print, S.L.: 91,17 €
- Varios: 500,00 €

Proxecto (3) N° 02/01/17

#### **PRP2017/2065**

Dáse conta de proposta da Concellería da Área de Igualdade para a realización dunha actuación de Dona Pamela Palenciano no Auditorio Municipal consistente no monólogo “No solo duelen los golpes”, o día 6 de outubro e dirixido ao alumnado dos colexios e institutos de Vilagarcía.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento por un importe total de 1.524,00 € con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- Asociación de mujeres “Nosotras en el Mundo” Comunicación y Desarrollo, por importe de 1.150,00 €
- B THE TRAVEL BRAND-Viajes Barcelo, S.L. (desprazamentos) por importe de 224,00 € (112,00 €/persoa)
- Pazo Rial, S.A (Hotel Castelao):
  - 2 habitacións individuais, por importe de 90,00 € (45 €/habitación)
  - 2 pensións completas, por importe de 60,00 € (30 €/persoa)

### **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2017/2072**

Vista a solicitude de **Dona Beatriz García Casenave**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra de Santiago Apostol en Carril os días 24 e 25 de xullo de 2017:

- Actuación do Grupo de Gaitas Asociación Cultural Airiños do Carril, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2073**

Vista a solicitude de Don Ramón Boveda Mouriño **e/n Asociación Cultural Camiño do Carro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a a colaboración na contratación polo



Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra de San Fidel en Carril día 30 de xullo de 2017:

- Actuación do Grupo de Gaitas Asociación Cultural Airiños do Carril, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2074**

Vista a solicitude de **Don Antonio Martínez Lema**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra de San Antoniño o día 12 de xuño de 2017.

- Actuación da Coral Asociación Cultural Cortegada, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2075**

Vista a solicitude de Dona Mónica Rubianes Abalo e/n **Asociación Cultural “A Nosa Sra. Da Xunqueira”**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun concerto no obradoiro cultural o vindeiro día 28 de maio de 2017:

- Actuación da Coral “Coro parroquial Sta. Eulalia”, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2076**

Vista a solicitude de D. José Carlos Da Silva Renda e/n **Asociación Circulo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do “Día das letras Galegas” o vindeiro día 17 de maio de 2017:

- Actuación do Grupo de Gaitas Asociación Cutural Malveiras, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

#### **PRP2017/2067**

Polo técnico D. Iago Fernández Puentes, director das obras, de Urbanización e Remodelación do entorno Praza de España 1ª Fase, se informa que as citadas obras finalizaron o 31 de xullo



de 2015 e transcorreron máis de 20 anos dos 24 meses de prazo no que a empresa deberíase responsabilizarse do mantemento da zona axardinada, entre outras. Como consecuencia desta carencia de mantemento durante case 2 anos vaise facer necesaria unha actuación máis radical e profunda na zona axardinada para acadar un sustrato permeable que permita a entrada de osíxeno ás raíces e polo tanto un céspede en bo estado todo o ano.

Polo exposto, comunícase a empresa Stradia Infraestruturas, S.L. que o director das obras D. Lago Fernández Puentes presentará un presuposto de execución das actuacións necesarias para a recuperación da zona axardinada, e que será executada con cargo a fianza que a empresa depositou no Concello.

O que se pon en coñecemento da empresa coa finalidade de que no prazo de 15 días a contar dende o recibo da notificación deste acordo presente as alegacións que estime oportunas.

#### **PRP2017/2086**

A Xunta de Goberno Local, vistas as ofertas presentadas, acorda adxudicar a redacción do proxecto básico e de execución da reforma e humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque (Parque Metropolitano) ao Arquitecto D. Leopoldo Ivorra Sáenz-Díez, por un importe total de 13.909,31 €, con cargo á partida 150.640, de conformidade coa oferta presentada.

#### **PRP2017/2142**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a memoria valorada de “Reforma quiosco Rúa Arcebispo Lago” para uso informativo e turismo, redactado por Jorge Jiménez Abalo, cun orzamento de 24.519,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.63200. Proxecto (2) nº 01/16/16.

#### **PRP2017/2143**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente aos honorarios de **D. Jorge Jiménez Abalo** por un importe de 2.420,00 € (IVE incluído), correspondentes á memoria valorada de “Reforma quiosco Rúa Arcebispo Lago” para uso informativo e turismo, con cargo á partida 150.604.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.